

A XUNTA CELEBROU UN RECITAL NO SEU 173 ANIVERSARIO

Galicia lembra a Rosalía, a “fundadora da modernidade”

A Asociación de Escritores leu un manifesto en seis cidades distintas, con éxito de público pese á choiva

A. LOSADA
GALICIA
cultura@xornaldeg Galicia.com

Os conselleiros de Cultura, Roberto Varela, e de Educación, Jesús Vázquez, conmemoraron hoxe os 173 anos do nacemento de Rosalía de Castro xunto coalumnado do instituto santiagués que leva o seu nome, un recital poético no que se fixo lectura de *Follas Novas* e *Cantares Galegos*. En paralelo, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), organizou a lectura dun manifesto en lembranza da autora, que tivo lugar durante a tarde en seis cidades do país. Estaba previsto que se realizaran ao aire libre, pero a choiva obrigou a buscar localizacións alternativas, o que non impediu a presenza de centos de persoas, sumando os distintos actos.

En Santiago, os conselleiros leeron os poemas *O toque da alba* e *Amores cautivos*, pero non fixeron valoracións sobre a figura da poeta, tarefa que lle deixaron ao secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, que interveu na clausura do acto para recordar que a súa figura representa “unha praza pública” para afondar na situación socioeconómica e “na natureza humana”, co-

mo a “expresión máis xenuína da dor humana e social da emigración” que acolleu tamén o primeiro “galeguismo”. Tamén, destacou o carácter internacional e universal do seu legado literario, ao tratarse dunha autora as obras da cal están traducidas a “multitude de linguas”, como o ruso, o xaponés ou o inglés. “Os seus versos son parte de nós”, concluíu Lorenzo.

UN FACHO NOS DÍAS ESCUROS

“Quixemos lembrar a Rosalía por todo o que representa, para o país e para a lingua, como fundadora da nosa modernidade, non só literaria”, explicou onte Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, que leu na Coruña un manifesto no que reivindica á súa figura nestes “días escuros” que padece o galego e no que se reclama a creación dun Instituto Rosalía de Castro para a difusión internacional da cultura do país.

Na Coruña, Cesáreo Sánchez estivo acompañado por Luz Pozo, Xabier Seoane e Mercedes Queixas, tamén estaba prevista a presenza de Manuel Rivas, pero ausentouse por outros compromisos. En Vigo, a lectura foi de Agustín Fernández Paz, Marta Dacosta, Álvarez Cáccamo e María do Carme Krukenberg, mentres que en Lugo realizárona Isidro Novo e Antonio Reigosa, coa presenza do vicepresidente da Deputación, Antón Bao. Antía Otero e Marilar Aleixandre declamaron en Santiago, Rosa Méndez, fixoo en Ferrol e Luís Rei Núñez en Pontevedra. ■




Luz Pozo, Cesáreo Sánchez, Mercedes Queixas e Xabier Seoane, onte na Coruña

CASTEIRO



Xosé María Álvarez Cáccamo, Marta Dacosta e Agustín Fernández Paz, en Vigo

SONIA DAPONTE



Roberto Varela, Xesús Vázquez e Anxo Lorenzo, no Instituto Rosalía en Santiago

PETE FERREIR / AGN